



## Manuel Portas

Manuel Portas Fernández. (1960, Barcelona). Escritor e sociolingüista galego, arousán por ascendencia paterna e compostelán por adopción.

Licenciado en Filloxía Galego-Portuguesa, iniciou a súa carreira docente na Universidade de Santiago de Compostela como Profesor Asociado de Universidade, no Departamento de Filloxía Galega, para continuar o seu camiño no ensino medio en donde logra acadar a categoría de Catedrático de Lingua e Literatura Galega .

Alén da colaboración en obras de carácter didáctico e publicacións pedagóxicas, é coñecido polo seu labor no campo da análise sociolingüística, onde salienta *Língua e sociedade na Galiza* (1990), obra sobranceira da sociolingüística galega. Denso recendo a *salgado* (2010) foi a súa primeira novela. Seguiron *Un dedo manchado de tinta* (2011), *Faneca Brava* (2013) e *Amor en alpargatas* (2015)

### Manuel Portas gaña o García Barros coa súa obra «Lourenço, xograr»

Óscar Manzano (*La Voz* 23/07/2015)

Os membros do xurado do premio de novela Manuel García Barros de A Estrada decidiron por maioría, outorgar esta distinción a Manuel Portas Fernández pola obra *Lourenço, xograr*. O tribunal, formado por Dolores Vilavedra, Carlos González de Lema, Armando Requeixo, Juan Luis Blanco Valdés e Carlos Loureiro, destacou a contribución da novela á divulgación da historia e literatura medieval galegas a través dunha personaxe pouco coñecida, como é o xograr Lourenço, que constitúe a porta pola que se observan non só os conflitos políticos que determinaron o que hoxe é Galicia, senón que tamén as vidas entrecidas das distintas clases sociais da época.

Durante a presentación do fallo aos medios, o alcalde da Estrada, José López, sinalou a relevancia deste certame, xa que «todos os anos se descubren obras que pasan á historia da literatura galega»,

**2017-2018**

## Tertulias literarias

engadindo que, a pesar dos recortes, «A Estrada segue mantendo unha actividade cultural de primeiro nivel» e que desde o Concello «seguiremos facendo un esforzo máximo para poder garantir que A Estrada se convirta en moitos días do ano na capital da cultura en Galicia».

Pola súa parte, Carlos Loureiro, secretario do xurado, indicou que o premiado «ten ligazóns familiares na Estrada», destacando «o incondicional apoio da editorial Galaxia, que nos acompaña desde hai anos nesta andaina».

### «A estrutura literaria galega atópase bastante maltratada»



Manuel Portas Fernández (Barcelona, 1960) é unha persoa polifacética: profesor de Lingua Galega no Xelmírez I de Santiago e actual director, exedil do BNG na capital galega, sociolingüista e escritor. Precisamente nesta última faceta acaba de obter o premio Manuel García Barros que convoca o Concello estradense.

**Vén de recibir o premio Manuel García Barros pola súa obra «Lourenço, xograr». ¿Onde o colleu a nova?**

Entereime andando en coche, menos mal que tiña posto o mans libres! En realidade non era consciente de que o certame se resolvía nestas datas. De feito, cando escoitei por teléfono «Concello da Estrada» pensei, «aí ven unha multa».

**Como valora a realización de certames literarios coma este?**

A miña valoración é positiva, tanto antes de obter esta distinción como agora. Estes certames son necesarios para facer forte unha estrutura literaria do país que se atopa bastante maltratada.

**Esta será a segunda novela que publica neste ano, despois de Amor con alpargatas. Está a ser un ano moi prolífico para vostede.**

Non, eu non diría que estea a ser un ano especialmente prolífico, máis ben o foi o ano pasado. Amor con alpargatas publicouse en febreiro ou marzo, e Lourenço, xograr sairá con sorte a finais de ano. Pero o proceso creativo detrás destas obras é moi pouco público. Amor con alpargatas xa estaba rematado o ano pasado e pouco lle quedaba a esta última obra. Outra cousa son os prazos da editorial.

**Xa ten publicadas catro obras narrativas, todas diferentes entre si, e en Lourenço, xograr realiza unha viraxe á novela lírico-medieval. ¿A que se deben estes cambios de rexistro?**

Creo que a literatura non debe ter limitacións a ningunha época nin a ningún estilo narrativo. Persoalmente, a época medieval paréceme un momento histórico moi interesante. Lourenço é unha personaxe moi importante nunha etapa na que a lingua galega era respectada e valorada por todo o mundo. Na obra aprécianse tamén os cambios históricos que xurden tanto en Portugal como en

## Tertulias literarias

Galicia, e desgrana as relacións sociais entre as clases. O protagonista é un xograr que quere ser trobador e atópase co rexeitamento das clases nobres.

### Como observa a situación da literatura galega?

Primeiro débese fomentar a literatura, en xeral. Se se estende o goce de ler, despois xa se continuará traballando pola literatura galega. Sen embargo, estase a facer un gran esforzo desde os centros educativos creando actividades para fomentar a lectura. Pero fóra do sistema educativo non hai nada.

### Como exconcelleiro de Santiago, ¿como valora o cambio político nas últimas eleccións municipais?


Todos os cambios que nos fagan crer que a democracia segue a estar no pobo son positivos. É importante que os cidadáns crean de novo na democracia, que saiban que o seu voto vale para algo e que poidan aportar ideas.

## Lourenço, xograr

Blog Trafegando Ronseis

Fun convidada por Manuel Portas a acompañalo na presentación do seu libro *Lourenço, xograr*, Premio García Barros 2015, publicado pola [editorial Galaxia](#). Unha novela histórica ambientada no século XIII onde pasaremos polo medievo da man da nosa exquisita lírica medieval.

Falamos dunha novela histórica que nos sitúa no século XIII, onde xograres e trobadores pasean cortes e pazos para divertimento de nobres e señores. Acomodémonos nesta nosa época de esplendor, único momento monolingüe da nosa historia e momento máxico da nosa Literatura –non esquezamos que a nosa lingua é cultivada nas cortes castelás-. Axuda a inmiscuirnos no ambiente dese século a propia estrutura do libro ao estar introducido cada capítulo por un exordio tal como se viña facendo daquela.



Manuel Portas utiliza un personaxe real, o xograr Lourenço, para regalarnos unha novela pola que pasean asemade personaxes tan reais como Afonso X ou María a Balteira con outras figuras inventadas e necesarias para esta ficción. Unha novela que acariña os reinos de Portugal, de Castela e de Galiza, “vendido por unha miserábel renda anual debido á ambición de dona Berenguela que despois de conseguir para o fillo o reino de Castela mediante as armas, unía o de León e Galiza con movementos arteiros e sen que a nobreza galega abrise a boca” como lemos na páxina 95.

De Lourenço temos poucos datos, a súa biografía dedúcese case exclusivamente das súas composicións e daquelas que outros trobadores lle dirixen. Son as tenzons as que nos procuran información básica como que estivo ao servizo de João Garcia de Guilhade, que frecuentou a corte castelá de Afonso X e outras informacións das que Manuel Portas tirará máximo proveito para construír esta historia novelada arredor da súa figura.

## Tertulias literarias

Novela histórica tamén porque con ela vivimos os avatares das desavinzas do rei de Portugal e os seus nobres, os pactos palacianos, as intrigas eclesiásticas... tempos convulsos tanto política como socialmente. Será no ámbito palaciano onde se mesturan sedicións e empresas militares coas cantigas tanguidas, interpretadas e bailadas por músicos, trobadores, xograres e bailarinas, sendo o noso protagonista testemuño de excepción de canto ocorre e se perfila de acción na novela.

A carón destas intrigas, o amor e a loita por fuxir dos corsés das clases sociais. Pouco semella termos cambiado despois de todo! Daquela, sofre Lourenço pola súa condición de baixa estirpe que non lle permite ser trobador e si xograr, unicamente pola nacemento e non polo entendemento e habilidade que amosa unha e outra vez. Que triste é nacer pobre e non dar saída de aí! Cantas veces ao longo da historia ten cabido esta reflexión, mesmo neste noso século XXI, tan afastado da sociedade que nos propón revivir o autor; sabemos ben o que significa o berce aínda hoxe en día. Lourenço sofre a súa pobreza por partida dobre, xa que será asemade impedimento de amor lícito ou público. Neste ámbito sabe Lourenço que non pode loitar, tal como loitou por ser trobador e ser vilipendiado unha e outra vez nesos debates literarios ben sofisticados chamados tenzóns.



Hai un momento no que fala o narrador de que Lourenço, por ser xograr, é mellor compositor de cantigas de amigo que de amor, xa que as primeiras son as nosas autóctonas e as segundas proveñen da Provenza. E é que a nosa lírica soubo mesturar ambas tradicións para crear cantigas nas que mesmo rirse dos tópicos encorsetados da lírica provenzal.

Dividida en dúas partes, na primeira delas temos un mozo Lourenço que comeza a descubrir o mundo. Un mozo afouto que non teme erguer unha espada para defenderse. O primeiro capítulo ligárase co último do libro e da segunda parte conseguindo tecer unha novela circular.

A primeira parte, diciamos, está introducida por unha cantiga de amigo na que Lourenço autoeloxíase xa que ninguén o vai defender mellor que el mesmo dunha longa discusión sobre as súas cualidades artísticas. Logo, temos ese neno que se converte en heroe e en xograr, que viaxará a Compostela, que coñecerá a Pero Meogo, que nos ensinará a través dos seus ollos a vida cotiá da Galicia medieval. Oito capítulos que conforman a metade da novela onde o neno Lourenço deixará clara a súa intelixencia e a retranca, e que deberá valerse por si mesmo na súa madurez existencial a través dos ollos dun narrador omnisciente.

Dúas cantigas de amigo máis poderemos ler nesta primeira parte. Na páxina 100, unha pequena peza onde a moza describe o modo como ela e o seu amigo senten unha gran paixón; e na páxina 140 onde unha moza namorada canta unha cantiga de amor desexando ser escoitada polo seu amado.

Na segunda parte cambiamos de terzo e cada capítulo será contado por diferentes personaxes: o propio Lourenço, o seu mestre ferreiro, a súa nobre amada, o trobador Guilhade, Maria Peres a Balteira, o propio rei Afonso, Sancha a sobriña do Guilhade e por último un narrador que nos conta as últimas andanzas do noso prezado protagonista e a función final, sen música. Os diferentes puntos de

## Tertulias literarias

vista danna a oportunidade de coñecermos a figura de Lourenço a través doutros ollos, pero tamén iremos progresando na acción que debe, mediante analepses e prolepses, informarnos da evolución da súa vida.

E de cando en vez, unha cantiga, unha tenzón.

### Á busca dun soño

Ramón Nicolás (Fugas. La Voz de Galicia, decembro 2015)

O Premio García Barros 2015 recaeu en Lourenço, xogar, unha suxestiva novela de Manuel Portas que converte en materia narrativa un territorio como foi o lirismo medieval, ese anaco esplendoroso do noso pasado.

Velaquí un xiro temático que testemuña a versatilidade creativa de Manuel Portas a debuzarse agora na vontade de insuflarlle un alento de vida a alguén que viviu entre nós hai moitos anos, do que ben pouco se sabía agás que deixou como legado un mangado de poemas. Era este un xogar que perseguiu arreo un soño como era o de compor cantigas trobadorescas e obter certo recoñecemento por iso, malia que a súa orixe plebea case o fixese imposible.



Desde agora vai ser ben difícil que cando se lean os poemas do xogar Lourenço non se asocie a súa figura ao perfil humano que Portas deseñou como o dunha persoa que vivía a literatura e que cría no que escribía, de xeito que non chegaba a distinguir entre o sentido e o expresado a través da chamada forma inmóvil. Lourenço, que abala entre a picardía e a inxenuidade, é o fío que nos introduce nun universo pouco tratado desde a ficción contemporánea como é o da poesía medieval galego-portuguesa e o seu tempo, encerrado aquí en páxinas de extraordinaria plasticidade, en especial aquelas que reparan no contexto trobadoresco ou as que versan sobre a guerra e describen o amor, por só citar tres casos.

Lourenço, xogar é, así pois, un texto poliédrico, documentado con solidez e que navega entre as augas da novela histórica e filo-biográfica, a de aventuras e a de iniciación, e que mesmo non deixa de discorrer con discreción polos camiños da metaliteratura. Ademais recorre a unha estrutura novidosa que conxuga unha perspectiva canónica con outra na que diversas voces, todas distintas e confesionais, constrúen discursos que complementan con naturalidade as diversas dimensións que percorren esta proposta da que non é difícil albiscar que terá singraduras felices e duradoiras no tempo.

## Tertulias literarias

### "Estamos nunha etapa de resistencia, é preciso facer que a nosa cultura perviva"

Ángela Fontao (La Opinión de A Coruña, febreiro 2016)

O escritor e sociolingüista Manuel Portas presentará ás oito desta tarde a súa última novela Lourenço, xograr, Premio García Barros 2015, na librería Moito Conto (San Andrés, 35). Neste encontro estará acompañado pola escritora Mercedes Queixas e o director xeral da Editorial Galaxia, Víctor Freixanes. A obra traza un orixinal retrato da sociedade galega do Medievo a través da experiencia vital de Lourenço, un xograr que aspira a converterse en trovador.



**No libro fala de como se entrelazan os estamentos nun momento convulso do Medievo. Poderíase establecer un paralelismo coa situación social e política actual?**

As dimensións de ambas crises non son equiparables. Nestes momentos vivimos nunha crise capitalista que en certo xeito fai que os máis damnificados sexan os que menos recursos teñen, como acontecía daquela, pero a do Medievo era unha crise a moitos niveis: social, económico, bélico...

**Deixouse vostede levar máis pola ficción ou polo aspecto didáctico?**

Aínda que a verdade histórica está presente na ambientación xeral da novela, o tema principal é a loita de Lourenço por tentar que o seu talento artístico fose máis recoñecido pola sociedade. Tratei de deixar nun segundo plano os aspectos técnicos para que poida ser desfrutada tanto por alguén que dispón de coñecementos previos sobre Historia, como por un lector que careza dese tipo de información.

**Que lle fixo dar o paso de escribir esta novela?**

O certo é que sempre estiven interesado polo que representa Lourenço. Cando era estudante escargáronme unha entrada para a Gran Enciclopedia Galega relacionada con esta personaxe e resultoume moi curioso. Lourenço ten calidade literaria pero non da prosperado por pertencer a unha clase social baixa.

**Como ve a situación actual da literatura galega?**

Un dos grandes problemas actuais é que a literatura, como outras creacións culturais, adoita considerarse como algo superfluo e pouco productivo, e cando a Administración dun país o ve deste xeito, sube o IVE e baixa o investimento en cultura, posicionándoa coma un produto de luxo ao alcance duns poucos. É preciso máis que nunca que resistamos e que fagamos que a nosa cultura perviva nas próximas xeracións.

**Compaxina a súa labor docente coa literaria. Dalle consellos a aqueles alumnos que queren adicarse a escribir?**

2017-2018



## Tertulias literarias

Ante todo, os docentes temos a misión de ensinar a disfrutar da literatura, tanto aos alumnos que queiran orientar a súa carreira a escribir como aos que non teñan este interese. Ás veces o sistema educativo prioriza a memorización de autores e obras pero non do seu disfrute, e para paliar esta tendencia segue a ser moi importante a labor dinamizadora dos Clubes de Lectura.

**Prestaríase a que algunha das súas novelas fose adaptada ao ámbito audiovisual?**

Non sería mala idea, son formatos diferentes, o cal non quere dicir que un sexa mellor ca outro. Se algo ten Galicia e, no caso de Lourenço Xograr, a época do Medievo, é unha gran plasticidade que pode dar xogo nas pantallas.

**Ten algún outro proxecto literario entre mans?**

Teño algúns, poderíase dicir que estou en época de barbeito, estou escribindo de vagar. Para escribir hai que vivir e ler, e é o que estou facendo agora, documentarme e coller ideas de diferentes fontes. Por exemplo, estiven lendo teses doutorais sobre Historia ou novelas, e mesmo vendo filmes, que son expresións artísticas nas que calquera creador pode buscar inspiración. Da miña primeira novela, Denso recendo a salgado, chegaron a dicirme que tiña moito de guión cinematográfico. Nunca sabes onde podes atopar material útil para o teu próximo traballo.

## CADRO HISTÓRICO

ANO	Portugal	Galiza e León	Castela	Resto de Europa
1216-17	·1217: Ocupación de Alcácer do Sal e Vila Vizosa polo rei Afonso II		·2017: Fernando III, rei de Castela e de Toledo	·1216: Honorio III, novo Papa. ·1217: Inicio da V Cruzada.
1218-19		·1218: Afonso VIII ataca Portugal e toma Chaves. Afonso II de Portugal acaba selando a paz con Afonso VIII de Galiza e León en Santiago (Tratado de Baronal)	·1218-19: Cruzadas en Castela, con participación de tropas portuguesas. ·1219: Fernando III casa con Beatriz de Suabia	·1218: Maioridade de Xaime I de Aragón, controlado polo poder feudal.
1221-23	·1223: Sancho II, rei de Portugal, á morte do pai, Afonso II.		·1221: Nace o infante Afonso. ·1221: Comeza a construírse a catedral de Burgos	·1223: Al-Ándalus: AbuM. Abdallah al-Adil, elixido califa en Murcia. ·1223: Luís VIII, rei de Francia.
1225-27	·1226: Sancho II de Portugal, auxiliado polas ordes militares (Santiago, Calatrava), inicia a conquista do Alentexo.	·1227: Afonso VIII toma Cáceres ·1228: Conquista de Badaxoz.	·1226: Rexencia de Branca de Castela ·1226: Comeza a construción da catedral de Toledo. ·1227: Conquista de Baeza	·1226: Luís IX, rei de Francia. ·1227: Gregorio IX, nomeado Papa ·1227: Al-Andalus: Idris al Ma'mun, proclamado califa en Sevilla.
1228-30	·1229: Sancho II conquista Elvas e Xuromeña. ·1229: Silvestre Godiño, nomeado arcebispo de Braga	·1228: conquista de Mérida. ·1230: Morre en Sarria Afonso VIII. Fernando III convértese en rei de Galiza e de León, após a renuncia das súas medio irmás portuguesas, Sancha e Dulce (Tratado das Terceiras).		·1228: Al-Andalus: comezan en Granada as obras da Alhambra. ·1228: Federico II inicia a VI Cruzada. ·1229: Xaime I de Aragón inicia en Mallorca a conquista das illas Baleares. ·1229: Federico II recupera Xerusalén negociando co sultán Al-Kamil.
		<b>Galiza e León Castela</b>		
1231-33	·1231 Acordo entre Sancho II e Fernando III. A cidade de Chaves é restituída a Portugal (Tratado do Sabugal) ·1232: Toma de Bexa.	·1232: Fernando III apoia o bispo de Lugo, fronte a pretensión dos burgueses da cidade, que pretendían seguir mantendo a súa exención de vasalaxe. ·1233: Conquista de Úbeda		·1232: Muhammad ibn al-Nasr proclámase sultán da Taifa de Arxona, que dará inicio á dinastía nazarí de Granada (1232-1492)
1234-37	·1234: O papa excomunga Sancho II (Bula <i>Si quam horribile</i> ). Mestre Vicente, chanceler real, consegue reducir os efectos da excomunión. ·1234: D. Tiburcio, bispo de Coímbra. ·1234: Paio Peres Correia, coa Orde de Santiago, conquista Aljustrel. ·1234: O infante Afonso marcha do reino para buscar fortuna na	·1236: Fernando III conquista Córdoba		·1234: Morre Sancho VII, rei de Navarra. Os nobres escollen rei a Teobaldo, tamén chamado o trovador, polo seu gosto pola poesía. O reino cae na órbita política francesa. ·1234: Muhammad ibn Mahfuz proclama a Taifa de Niebla. ·1235: Xaime I toma Ibiza. ·1237: Conrado IV, rei do Sacro Imperio.



# Tertulias literarias

ANO	Portugal	Galiza e León Castela	Resto de Europa
	Francia, frecuentando a corte de Luís IX. Será armado cabaleiro neste reino en 1239.		
1238	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Casamento do infante Afonso con Matilde, condessa de Boloña.</li> <li>· Mértola, tomada por Paio Peres Correia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Joam Arias, Arcebispo de Santiago (1238-1266). Mandou levantar o claustro e un novo pazo arcebispal. Xunto coa burguesía compostelá, promove a construción dunha nova cabeceira para a catedral. Ideou e impulsou a construción do castelo da Rocha Forte.</li> <li>·Fernando III dálle a razón ao Arcebispo de Santiago no conflito que mantén cos gremios polo pago de tributos e o nomeamento e atribución de xuíces.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Xaime I conquista a cidade de Valencia.</li> <li>· <i>Fuero General de Navarra</i>, que limita o poder do rei.</li> </ul>
1239-40	<ul style="list-style-type: none"> <li>·1239: O Papa Gregorio IX tenta a Fernando de Serpa para reclamar o trono en caso de incapacidade do seu irmán, o rei Sancho.</li> <li>·1239: Sancho II, con Paio Peres Correia, conquista Aiamonte, Cacela e Alvor.</li> <li>·1240: Gualterio, arcebispo de Braga.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·1239: Coa morte de Álvaro Pérez de Castro, D<sup>a</sup> Mencía López de Haro fica viúva.</li> <li>·1239: Don Lucas faise cargo do bispado de Tui.</li> <li>·1240: Joam Arias, arcebispo de Santiago, comeza a construción do Castelo da Rocha Forte.</li> </ul>	
1241	·Paio Peres Correia, coa Orde de Santiago, conquista Paderne.		·Celestino IV, novo papa
1242	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Paio Peres Correia, nomeado en Mérida <i>Gran-Mestre da Cavalaria de Santiago</i>.</li> <li>·Afonso, conde de Boloña, participa na batalla de Saintes, baixo o mando de Luís IX de Francia, contra Henrique III de Inglaterra.</li> </ul>		
1243-44	<ul style="list-style-type: none"> <li>·O infante Afonso de Boloña obtén salvoconduto para pasar pola Gascuña, en mans inglesas, coa desculpa de peregrinar a Santiago. Reunións con representantes da nobreza e do clero rebelde co seu irmán Sancho.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·1243: Capitulacións do Reino de Murcia perante o infante Afonso (Tratado de Alcaraz). Algunhas cidades resístense ao tratado. Mula e Lorca son tomadas en 1244.</li> <li>·1243: Bernardo compostelán canonista, defende retirarlle o título de rei a Sancho de Portugal, non só os poderes da administración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·1243: Inocencio IV, nomeado papa.</li> <li>·1244: As cortes catalás e aragonesas comezan a reunirse por separado.</li> </ul>
1245	<ul style="list-style-type: none"> <li>·Joam Egas, nomeado arcebispo de Braga.</li> <li>·A comezos de ano, Afonso denuncia o casamento de Sancho con D<sup>a</sup> Mencía.</li> <li>·Febreiro: anulación papal do matrimonio.</li> <li>·Marzo: Inocencio IV (Bula <i>Inter alia desiderabilia</i>) prepara a deposición do rei. Interdito eclesíástico de todo o territorio.</li> <li>·Xullo: Concilio de Lion: deposición do rei.</li> <li>·Agosto: triúnfo das tropas fieis a Sancho II na Lide de Gaia.</li> <li>·Setembro: Xuramento de París. Afonso asume protexer os intereses da Igrexa.</li> <li>·Indulxencias para os soldados que</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>·O infante Afonso de Castela, apoiado desde o mar por unha frota, asedia e reconquista a cidade de Cartaxena, que non aceptara o Tratado de Alcaraz.</li> <li>·Decembro: O futuro Afonso X entra en Portugal para apoiar Sancho II.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· Concilio de Lion. Coa Bula <i>Grandi non immerito</i>, Inocencio IV depón Sancho II de Portugal e, unha semana antes, o rei deposto foi Federico II, emperador do Sacro Imperio.</li> </ul>



# Tertulias literarias

ANO	Portugal	Galiza e León Castela	Resto de Europa
	<p>apoiou o Boloñés.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Os concellos do centro e sur e os castelos de Monsanto, Marialva, Santarém, Alenquer, Lanhoso, Torres Novas, A Guarda, Leiría e Alcobaça apóiano. Sancho faise forte en Coímbra e no norte.</li> <li>Finais de ano: comeza a guerra civil. O Boloñés chega a Lisboa.</li> </ul>		
1246	<ul style="list-style-type: none"> <li>Rapto (ou fuxida?) de D<sup>a</sup> Mencía López de Haro en Coímbra, por Raimundo Viegas de Portocarreiro. Lévana ao Castelo de Ourém.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Fernando III conquista Arxona e Xaén.</li> <li>Granada, reino vasalo de Castela.</li> <li>O futuro Afonso X casa en Valladolid con D<sup>a</sup> Violante de Aragón e Hungría, Filla de Xaime I.</li> <li>Morre no mosteiro de las Huelgas (Burgos), D<sup>a</sup> Berenguela, nai de Fernando III.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Tras a toma de Xaén por parte de Fernando III, Muhamed I asina un tratado de paz, tributo e vasalaxe.</li> </ul>
1247	Sancho II exíliase en Toledo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Paio Peres Correia, prior da Orde de Santiago, acompaña o infante Afonso de Molina na conquista de Alxarafe e nas campañas contra o rei de Niebla.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Xaime I compila os Foros de Aragón.</li> <li>En Cataluña, marco xurídico propio: <i>Usatges de Barcelona</i>.</li> <li>Os mudéxares (árabes en terras cristiás), mantéñense no territorio, conservando a súa relixión e vivindo extramuros das cidades.</li> </ul>
1248	<ul style="list-style-type: none"> <li>4 Xaneiro: morre Sancho II en Toledo.</li> <li>Afonso III, o Boloñés, rei de Portugal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Afonso, príncipe de Castela, toma Alacante.</li> <li>Fernando III entra en Sevilla co apoio de Paio Peres Correia e a axuda do reino nazarí de Muhamed I. Na expedición participa Rodrigo Gómez de Traba.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Xaime I garante foros antiseñoriais aos mallorquinos e, despois, a Valencia.</li> <li>Inicio da VII Cruzada, conducida por Luís IX de Francia e co apoio do Papa Inocencio IV</li> </ul>
1249-50	<ul style="list-style-type: none"> <li>1249: Conquista de Faro e do resto do Algarve.</li> <li>1250: Comeza a repoboación do Algarve.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1249: Na Galiza, o rei Fernando apoia o bispo de Tui, na anulación dos dereitos de franquicia de que gozaban os habitantes da cidade desde 1177.</li> <li>1250: Carta Foral de Ferrol. Mediado o século, instálanse en Santiago as ordes mendicantes, vistas con desconfianza polo poder do Arcebispado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1249: Xaime I crea o Consello de Cento da cidade de Barcelona.</li> <li>1249: Estabelécese a primeira Inquisición en Aragón.</li> <li>1250: Morre Federico II, emperador do Sacro Imperio.</li> </ul>
1251-53	<ul style="list-style-type: none"> <li>1251: Penas severas aos salteadores dos camiños para protexer aos comerciantes.</li> <li>1252: Afonso III reclámalle o Algarve a Afonso de Castela.</li> <li>1253: O Boloñés casa con Beatriz, filla de Afonso X.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1251: Comezo das 'Táboas afonsís' (astronómicas) de Afonso X.</li> <li>1252: Morre Fernando III en Sevilla. Afonso X, coroado rei.</li> <li>1252: Crise económica: Desvalorización da moeda e fixación de prezos para moitos artigos. Limitación de gastos suntuarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1251: Fracasa a VII Cruzada ao tentar conquistar Exipto.</li> <li>1253: Morre Teobaldo I, rei de Navarra. Sucédeo o fillo, Teobaldo II</li> </ul>
1254-55	<ul style="list-style-type: none"> <li>1254: O rei convoca Cortes en Leiría.</li> <li>1254: Matilde de Boloña desembarca en Cascais e acusa Afonso III de bigamia.</li> <li>1255: Afonso III pasa a capital de Coímbra a Lisboa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1254: Aspirantes ao Sacro Imperio: Afonso X (apoiado polos xibelinos italianos), Carlos de Anjou (pola coroa siciliana) e de Ricardo de Cornualles (polo Papa).</li> <li>1254: Diego López de Haro, irmán de Mencía, levántase en armas contra Afonso X, apoiando as aspiracións do infante Enrique.</li> <li>1255: O rei esmaga a revolta (Batalla de Lebrixa)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1254: Morre Conrado IV, rei do Sacro Imperio</li> <li>1254: Alexandre IV, nomeado Papa</li> </ul>
1257-58	<ul style="list-style-type: none"> <li>1257: Bula papal acusando Afonso III de adulterio e incesto e ordenando a restitución do dote de Matilde de Boloña.</li> <li>1258: Morte da condessa de Boloña.</li> <li>Afonso III concede Carta de privilexio a varias feiras, estimulando o comercio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>1256: Unha delegación encabezada por Bandino Lancia, síndico de Pisa, propónlle a Afonso X que se postule como aspirante ao trono do Sacro Imperio. Gastos diplomáticos elevados e acordos con Borgoña, Lorena, Flandres, Noruega,... todo para lograr a ansiada coroa (<i>Fecho del Imperio</i>). Crise económica e descontento social.</li> <li>1257: Primeiro manuscrito das Cantigas de Santa</li> </ul>	

# Tertulias literarias

	·1258: Joám de Guilhade, a carón de Gonçalo García de Sousa nas <i>inquiriçōes</i> rexias.	María.	
1261-65		·1261: Morre Rodrigo Gómez de Traba, príncipe da Galiza. ·1261: Afonso X intervén no conflito entre o Arcebispo de Santiago e o Concello polas obrigas dos vasallos que van vivir á cidade. Do mesmo xeito que no reinado de seu pai, participa tamén no preito polo nomeamento dos xustizas. ·1262: Conquista do reino de Niebla. ·1265: Conquista de Cádiz.	·1264 Revoltas mudéxares polas condicións socioeconómicas en Murcia e Valencia. Represión e fuxida ao reino de Granada. ·1265: Cortes de Exea (Aragón): a figura do <i>Justicia</i> para dirimir nos conflitos entre a nobreza e o rei. ·1265. Clemente IV, novo Papa.
1266-68	·1267: Afonso III, rei tamén do Algarve (Tratado de Badaxoz).	·1268: Cortes de Xerez: contención de prezos e restricións ao consumo. Unificación de pesos e medidas.	·1266: Tras as revoltas, Xaime I ocupa Murcia.
1270-73	·Estabilidade do reino. Cúñase nova moeda. ·1270: Testamento dun tal <i>Lourenço Martíns</i> , casado cunha tal <i>Sancha Peres de Guilhade</i> , documento confirmado por Joam Garcia de Guilhade	·1271-73: Rebelión liderada polo infante Fernando, irmán de Afonso X, e Nuño González de Lara, aproveitando o descontento da nobreza polas medidas económicas adoptadas, estendida despois a máis estamentos e representantes de cidades.	·1273: Rodolfo I de Augsburgo, rei do Sacro Imperio Romano.

## OUTRAS OBRAS DE MANUEL PORTAS NAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



### Fontes:

[La Voz de Galicia. Fugas](#)  
[Trafegando ronseis](#)  
[La Opinión de A Coruña](#)

### Fotos:

Blog Xerais  
 Wikimedia Commons  
 Casa del libro  
 Crtvg.es

[Arquivo documental das Tertulias Literarias \(dende 2010\)](#)



Biblioteca Central Rialeda  
 Avenida Rosalía de Castro 227 A  
 15172 – Perillo (Oleiros)  
 Tfno.: 981 639 511  
 Fax: 981 639 996  
 Email: [biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)  
 Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

# 2017-2018